

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

AXUDAS ECONÓMICAS ÁS FAMILIAS CON NENAS E NENOS DE ATA TRES ANOS DE IDADE PARA A ATENCIÓN DAS NECESIDADES DE CONCILIACIÓN

No BOP do 15/12/2022 publicáronse as Bases reguladoras polas que se convocan axudas económicas ás familias con nenas e nenos de ata tres anos de idade, estes incluídos, para a atención das súas necesidades de conciliación, cunha contía de 300€.

Requisitos:

- Poderán ser beneficiarias/os destas axudas as/os nais/pais, de nenas e nenos nadas/os no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2019 e o 15 de decembro de 2022.
- A persoa solicitante deberá estar empadroadada no Concello de Ponte deume, cunha antigüidade mínima de dous anos. Tódolos membros da unidade familiar teñen que estar empadroados no mesmo domicilio
- A unidade familiar non poderá superar o límite de ingresos anuais establecido nas Bases.

Documentación obrigatoria que se debe presentar coa solicitude:

- Fotocopia do D.N.I. da persoa solicitante
- Fotocopia do Libro de Familia (completo) ou Certificado de nacemento das/os fillas/os
- Fotocopia da Declaración do IRPF do exercicio 2021 (completa) da persoa solicitante e da súa parella/cónxuxe, ou no caso de non presentala, Certificado de imputacións expedido pola Axencia Tributaria.
- * De ser posible, xustificación documental do número de conta bancaria da persoa solicitante

Debe cumprimentarse a solicitude en tódolos seus apartados e asinalos.

Antes de presentar a solicitude no Rexistro Xeral do Concello, deberase pasar polo departamento de Servizos Sociais para comprobar que a documentación está completa.

Outorgamento das axudas:

As solicitudes que cumpran os requisitos establecidos, outorgaranse por estrito orde de entrada no Rexistro do Concello ata esgotar a consignación orzamentaria. Naqueles supostos nos que se requira ás persoas solicitantes a emenda de erros ou omisións na solicitude ou documentación presentada, entenderase por data e hora de entrada da solicitude aquela na que dito requirimento fora correctamente atendido.

Prazo de presentación de solicitudes: do 16 ó 22 de decembro de 2022.

Información: nos servizos sociais do Concello de Ponte deume. Tlf: 981 433 288

